

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

5031 *Real decreto 202/2021, do 30 de marzo, polo que se reorganizan determinados organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado e se modifican o Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro, polo que se crea a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas e se aproba o seu estatuto, e o Real decreto 404/2020, do 25 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Ciencia e Innovación.*

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, supuxo unha norma legal de gran relevancia para todo o ecosistema propio do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, dotando este das funcións, competencias e estruturas precisas para o adecuado desenvolvemento da política de investigación, desenvolvemento e innovación das distintas administracións públicas e establecendo o marco para o fomento da investigación científica e técnica e os seus instrumentos de coordinación xeral, co fin de contribuír á xeración, difusión e transferencia do coñecemento para resolver os problemas esenciais da sociedade.

A dita lei, que ten por obxecto fundamental a promoción da investigación, o desenvolvemento experimental e a innovación como elementos sobre os que se teñen que asentir o desenvolvemento económico sustentable e o benestar social, configurou, no seu artigo 47, os organismos públicos de investigación como aqueles creados para a execución directa de actividades de investigación científica e técnica, de actividades de prestación de servizos tecnolóxicos e daquelas outras actividades de carácter complementario, necesarias para o adecuado progreso científico e tecnolóxico da sociedade.

A lei atribuíu tal condición, no ámbito da Administración xeral do Estado, á Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), ao Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), ao Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII), ao Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, M.P. (IXME), ao Instituto Español de Oceanografía, M.P. (IEO), ao Centro de Investigacións Enerxéticas Ambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT), ao Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, M.P. (INIA), e ao Instituto de Astrofísica de Canarias (IAC), sen prexuízo da súa propia natureza consorcial.

O tempo transcorrido desde a súa entrada en vigor, así como a necesidade de buscar as adecuadas sinerxías no ámbito da xestión pública da investigación, do desenvolvemento e da innovación, fixeron necesario reorganizar determinados organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, tal e como sinala a propia Lei 14/2011, do 1 de xuño, na súa disposición adicional oitava, con obxecto de adecualos aos obxectivos da lei, de acordo cos principios de eficacia, eficiencia, calidade, coordinación, rendición de contas e cooperación co resto dos axentes do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Así, considérase igualmente necesario proceder á referida reorganización tendo en conta que a finalidade investigadora propia dos organismos públicos de investigación obxecto deste real decreto é concorrente coa do Consello Superior de Investigacións Científicas, polo que a reorganización permitirá reforzar e mellorar a execución da actividade investigadora no ámbito público, dotándoa das estruturas precisas para poder abordar os retos da xestión da I+D+i desde un organismo público dotado das ferramentas de xestión precisas para alcanzar os ditos obxectivos.

O Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA) ten por obxecto principal o desenvolvemento das competencias da Administración xeral do Estado na área de investigación científica e innovación tecnolóxica en materia agraria e alimentaria.

Pola súa banda, o Instituto Español de Oceanografía (IEO) ten como misión a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, incluída a transferencia de coñecementos, sobre o mar e os seus recursos.

Finalmente, o Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IXME) ten por obxecto o estudo, investigación, análise e recoñecementos no campo das ciencias e tecnoloxías da Terra.

Todos estes organismos públicos de investigación permitiron adaptar unha verdadeira política de I+D+I e de servizos técnicos especializados no ámbito da Administración xeral do Estado en cada un dos seus sectores específicos.

Para seguir xerando sinerxías e potenciar o labor investigador e de servizos técnicos efectuado por estes organismos públicos de investigación, considérase oportuno proceder agora á súa integración na Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, que conta cunha longa experiencia e capacidades demostradas para acoller e impulsar, baixo os principios de interdisciplinariedade e autonomía, unha investigación de excelencia nos máis diversos campos do saber, entre os que se inclúen os específicos destes organismos públicos de investigación. Esta integración achegaralles a estrutura e os medios necesarios para continuar a desenvolver as súas funcións e competencias sectoriais, multiplicar así as súas capacidades organizativas e de actuación e potenciar a capacidade de obter resultados científicos que permitan continuar a desenvolver a política investigadora no ámbito do Estado.

A reorganización permitirá, igualmente, crear centros nacionais no Consello Superior de Investigacións Científicas que asuman as competencias e atribucións ata agora exercidas polos distintos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado afectados por este real decreto, de conformidade co establecido no artigo 26 do Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro, polo que se crea a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas e se aproba o seu estatuto, que permite a creación de tales centros nacionais, cando o volume das infraestruturas necesarias para desenvolver a súa actividade así o aconsellen, cando resulte coherente coa Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación ou cando se produza a integración no CSIC de entidades de investigación anteriormente independentes.

Esta integración como centros nacionais permitirá manter a denominación actual dos organismos públicos de investigación obxecto de reorganización, así como un status organizativo específico que os dote de autonomía xestora no marco do Consello Superior de Investigacións Científicas, co propósito de garantir o adecuado cumprimento das súas funcións no ámbito da I+D+I.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En concreto, respectáronse os principios de necesidade, eficiencia e proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible e co rango necesario para a consecución dos obxectivos previamente mencionados e establecidos na disposición adicional oitava da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, sen incremento de gasto público e sen restrinxir dereitos dos cidadáns nin lles impoñer obrigacións directas ou cargas administrativas de ningún tipo.

Así mesmo, é coherente co principio de eficacia, dado que o real decreto identifica claramente os fins perseguidos e é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

Este real decreto reforza o principio de seguridade xurídica, pois é coherente coa normativa en materia de organización e funcionamento dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

En canto ao principio de transparencia, e dado que se trata dunha norma puramente organizativa, a súa tramitación encóntrase exenta da consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas.

Este real decreto dítase de acordo co disposto polo artigo 149.1.18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases do réxime xurídico das administracións públicas, e co disposto polo artigo 149.1.15.^a da Constitución

española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Política Territorial e Función Pública, da ministra de Facenda e do ministro de Ciencia e Innovación, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto, de acordo co sinalado na disposición adicional oitava da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, reorganizar determinados organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado coa finalidade de coordinar as políticas de investigación científica e técnica na Administración xeral do Estado, potenciando o seu fortalecemento institucional e garantindo a actuación coordinada e a colaboración entre os axentes públicos do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Artigo 2. *Reorganización de determinados organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.*

1. Os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria O.A., M.P. (en diante, INIA), Instituto Xeolóxico e Mineiro de España O.A., M.P. (en diante, IXME) e Instituto Español de Oceanografía, O.A., M.P. (en diante, IEO) integraranse na Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (en diante, CSIC).

En consecuencia, suprimense os organismos públicos de investigación INIA, IXME e IEO, cuxa personalidade xurídica diferenciada quedará extinguida coa entrada en vigor deste real decreto, data de integración efectiva na cal o seu activo e pasivo se ceden e integran globalmente no CSIC, que os sucede universalmente en todos os seus dereitos e obrigacións, e sen prexuízo do establecido na disposición transitoria terceira.

2. Nos termos previstos no artigo 4 deste real decreto, así como no Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro, polo que se crea a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas e se aproba o seu estatuto, créanse os seguintes centros nacionais:

- a) Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA).
- b) Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IXME).
- c) Instituto Español de Oceanografía (IEO).

Artigo 3. *Asunción de fins, funcións e competencias dos organismos públicos de investigación obxecto de reorganización.*

A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. asumirá, a partir da entrada en vigor deste real decreto, a totalidade dos fins, funcións e competencias que, de acordo coa normativa vixente, lles correspondía desenvolver aos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, O.A., M.P., Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, O.A., M.P., e Instituto Español de Oceanografía, O.A., M.P.

Artigo 4. *Integración de estruturas.*

1. As actividades científicas e de servizos realizadas polos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado INIA, IEO e IXME para o cumprimento dos seus fins e funcións quedarán garantidas mediante a integración orgánica e funcional das súas estruturas no CSIC, na forma que determinen o seu estatuto e o seu consello reitor.

2. A creación dos centros nacionais prevista no artigo 2.2 garantirá a súa actividade investigadora e de servizo público e crearanse órganos de goberno colexiados en cada un deles de acordo co Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro, polo que se crea a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas e se aproba o seu estatuto, que manterá idéntico número e unha composición análoga á dos antigos órganos colexiados.

3. As restantes estruturas técnicas, de servizos comúns e de apoio integraranse nos órganos e estruturas corporativas de investigación ou de apoio do CSIC que a Presidencia do CSIC considere máis eficaces, conforme criterios de especialidade, complementariedade, transversalidade, eficiencia e operatividade.

Artigo 5. Integración de medios persoais dos organismos públicos de investigación obxecto de reorganización.

1. No prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto e mediante resolución da Subsecretaría de Ciencia e Innovación, determinaranse o persoal e os postos de traballo dos organismos públicos de investigación obxecto de reorganización que se incorporarán no CSIC e os que se incorporarán ao Ministerio de Ciencia e Innovación e nos restantes organismos públicos adscritos ao departamento, e establecerase na citada resolución a distribución dos créditos orzamentarios asociados ás ditas dotacións. O dito persoal incorporarase nas mesmas condicións establecidas nos puntos seguintes en todo o que resulte de aplicación, sen que, en ningún caso, se poidan producir incrementos retributivos de carácter colectivo con relación á situación existente no organismo de procedencia.

2. Incorporaranse como persoal do CSIC, do Ministerio de Ciencia e Innovación ou dos restantes organismos públicos adscritos ao departamento, os que á entrada en vigor deste real decreto veñan desempeñando un posto de traballo como persoal funcionario, estatutario ou laboral nos organismos públicos de investigación obxecto de reorganización, cos mesmos dereitos e obrigacións que teñan no momento da súa integración nos termos fixados nos seguintes puntos.

3. O persoal funcionario que pase a prestar servizo no CSIC, no Ministerio de Ciencia e Innovación ou nos restantes organismos públicos adscritos ao departamento permanecerá na situación de servizo activo no seu corpo ou escala e conservará antigüidade, grao consolidado e retribucións que teña recoñecidos, cos mesmos dereitos e obrigacións que teña no momento da incorporación. Así mesmo, queda incorporado ao CSIC, ao Ministerio de Ciencia e Innovación ou aos organismos públicos adscritos ao departamento o persoal funcionario interino que veña prestando servizos nos organismos públicos de investigación obxecto de reorganización, en canto se manteña a causa que deu orixe ao seu nomeamento.

O persoal funcionario que ocupe por libre designación algún posto obxecto de supresión, dentro dos órganos suprimidos por este real decreto, será redistribuído conforme a referida resolución da Subsecretaría de Ciencia e Innovación mediante adscrición provisional e permanecerá en situación de servizo activo baixo a dirección da Presidencia do CSIC, a Subsecretaría de Ciencia e Innovación ou a dirección dos restantes organismos públicos adscritos ou vinculados ao departamento ata que ocupe definitivamente un novo posto de traballo conforme as normas vixentes.

4. O persoal estatutario que pase a prestar servizo no CSIC, no Ministerio de Ciencia e Innovación ou nos restantes organismos públicos adscritos ao departamento conservará antigüidade, grao consolidado e retribucións que teña recoñecidos e os mesmos dereitos e obrigacións que teña no momento da incorporación.

5. O CSIC subrogarase nos contratos de traballo concertados polos organismos públicos de investigación obxecto de reorganización co persoal laboral, que pasará a integrarse no seu cadro de persoal nos mesmos grupos profesionais, especialidades e áreas de traballo ás cales estea adscrito, cos mesmos dereitos e obrigacións que teña no momento da incorporación.

A incorporación do persoal laboral realizarase de acordo co establecido no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e manterá as condicións laborais previstas no IV Convenio único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado.

O persoal laboral «fóra de convenio» dos organismos públicos de investigación obxecto de reorganización incorporárase como persoal «fóra de convenio» do CSIC.

A integración de persoal non supoñerá, en ningún caso, a atribución da condición de funcionario de carreira ao persoal laboral que prestase servizos nos OPI absorbidos.

6. A incorporación do persoal prevista nos puntos anteriores poderá supoñer a reordenación da situación física dos seus postos de traballo sen que, en ningún caso, e salvo conformidade do empregado público, poida supoñer cambio de municipio.

7. En calquera caso, o proceso de incorporación incluírá a aprobación dun plan especial de formación do persoal para a súa adaptación ao CSIC, ao Ministerio de Ciencia e Innovación ou aos restantes organismos públicos adscritos ou vinculados ao departamento.

Artigo 6. *Réxime patrimonial.*

1. Producirase a cesión e integración global, en unidade de acto, de todo o activo e o pasivo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado integrados na Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P.

2. A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. subrogarase na totalidade de dereitos e obrigacións de carácter patrimonial que correspondan aos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado que se integran na súa estrutura orgánica ou nas relacións xurídicas que teñan estes cos seus acredores, tanto de carácter principal como accesorias, incluíndo os activos e pasivos sobrevidos.

Esta subrogación non alterará as condicións financeiras das obrigacións asumidas nin poderá ser entendida como causa de resolución das relacións xurídicas.

3. O patrimonio propio dos organismos públicos de investigación fusionados integrarase no do CSIC. Os bens do patrimonio do Estado que os organismos públicos de investigación fusionados teñan adscritos para o cumprimento dos seus fins entenderanse adscritos nas mesmas condicións ao CSIC, que deberá comunicar a mutación operada á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado para os efectos do seu reflexo no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado.

4. Os bens e dereitos inventariables propios dos distintos organismos públicos de investigación integrados rexistraranse no inventario propio do Consello Superior de Investigacións Científicas e a Presidencia do CSIC adscribiraos internamente.

Artigo 7. *Integración de medios económicos e orzamentarios dos organismos públicos de investigación obxecto de reorganización.*

O CSIC incorporará os recursos económicos dos organismos públicos de investigación integrados, así como as súas fontes de financiamento, e dispoñerá deles nas condicións que se establecen no seu estatuto.

O remanente de Tesouraría dos organismos públicos de investigación integrados mediante este real decreto, así como o que poida existir no momento de aprobación dun orzamento único do CSIC, será incorporado integramente ao orzamento do CSIC e gozará das súas mesmas condicións, sen distinción ningunha.

Artigo 8. *Subrogación nos contratos, subvencións e axudas e convenios dos organismos públicos de investigación obxecto de reorganización.*

1. A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. subrogarase na totalidade dos dereitos e obrigacións dimanantes dos contratos do sector público e restantes instrumentos xurídicos que se encontren vixentes á data de entrada en vigor deste real decreto nos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado que se integran nela.

2. Así mesmo, a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. subrogarase na totalidade dos dereitos e obrigacións dimanantes dos convenios, subvencións, axudas e restantes instrumentos xurídicos que se encontren vixentes á data de entrada en vigor deste real decreto que os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado que se integran no CSIC concedesen ou subscribisen.

Artigo 9. *Garantía da coordinación interdepartamental do exercicio de funcións do centro nacional INIA.*

1. A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, a través do centro nacional INIA, garantirá o exercicio das funcións de investigación e apoio técnico-científico en materia de investigación agroalimentaria propias do dito centro nacional como soporte da política agraria e alimentaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico como soporte na avaliación de riscos ambientais derivados tanto de axentes químicos como biolóxicos, incluídos os organismos modificados xeneticamente.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, a través da Comisión interministerial de investigación agraria, alimentaria e de desenvolvemento rural, creada mediante o Real decreto 1430/2003, do 21 de novembro, coordinaranse os ministerios de Ciencia e Innovación e de Agricultura, Pesca e Alimentación para o adecuado exercicio das actividades do centro nacional INIA en materia de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e apoio técnico-científico e, especialmente, no ámbito das variedades vexetais, a coordinación das actividades de investigación e experimentación relacionadas coas variedades comerciais e protexidas de sementes e plantas de viveiro, así como a coordinación de estudos, ensaios, análises de campo e laboratorio, necesarios para a inscrición por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación das referidas variedades e a súa protección. O centro nacional INIA asegurará a realización de todas as actuacións necesarias para acometelos.

Disposición adicional primeira. *Referencias normativas.*

As referencias que se realicen aos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, O.A., M.P., Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, O.A., M.P., e Instituto Español de Oceanografía, O.A., M.P., na normativa vixente no momento de entrada en vigor deste real decreto, así como aos órganos propios das súas estruturas, entenderanse realizadas á Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supoñer incremento de dotacións nin de custos de persoal e o funcionamento da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P., como organismo público absorbente, terá que realizarse cos seus actuais medios e cos medios materiais e persoais dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado que se integran.

Disposición adicional terceira. *Supresión de órganos.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto, e sen prexuízo do establecido no número 6 da disposición transitoria terceira, quedarán suprimidos os seguintes órganos:

- a) Os órganos de goberno, órganos colexiados e órganos xestores do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA).
- b) Os órganos de goberno e órganos xestores do Instituto Español de Oceanografía (IEO).

c) Os órganos de goberno e órganos de xestión do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IXME).

2. A reorganización de organismos públicos de investigación prevista neste real decreto garantizará que as intervencións delegadas da Intervención Xeral da Administración do Estado que se encontren adscritas nos organismos obxecto de reorganización pasen a adscribirse á Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio.*

1. Desde a entrada en vigor deste real decreto, as direccións e os órganos subsistentes do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, O.A., Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, O.A., e Instituto Español de Oceanografía, O.A. seguirán a exercer as competencias ordinarias en relación co persoal, cos créditos orzamentarios e recursos económicos e materiais, e os seus titulares axustaranse ás instrucións e limitacións que ao respecto dite a Presidencia do CSIC, para garantir a coherencia e coordinación debida durante o proceso de integración e con suxeición aos termos previstos na disposición transitoria terceira.

2. Ata a aprobación da nova relación de postos de traballo da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas e do Ministerio de Ciencia e Innovación e os seus organismos públicos adscritos, se for o caso, as unidades e os postos de traballo con nivel orgánico inferior ao de subdirección xeral, encadrados nos órganos suprimidos por este real decreto e que se incorporen ao CSIC ou ao Ministerio de Ciencia e Innovación ou aos seus organismos públicos adscritos, subsistirán transitoriamente e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios, adscribíndose provisionalmente, mediante resolución da Subsecretaría de Ciencia e Innovación, aos órganos que corresponda.

Disposición transitoria segunda. *Garantía de continuidade na execución da política de I+D+I.*

Os procedementos a que dea lugar o exercicio das competencias dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado obxecto de reorganización, cuxa tramitación se iniciase con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto, continuarán tramitándose conforme a súa propia normativa e polas unidades e autoridades que correspondan, de acordo co réxime establecido neste real decreto para asegurar o eficaz cumprimento das obrigacións de servizo público legalmente asignadas aos organismos públicos de investigación integrados.

Disposición transitoria terceira. *Réxime de xestión dos organismos públicos de investigación obxecto de integración.*

1. Mentres non exista un orzamento integrado do Consello Superior de Investigacións Científicas que incorpore a totalidade dos créditos dos organismos suprimidos, a xestión e execución dos gastos e ingresos dos seus orzamentos efectuaranse nos termos en que estes foron aprobados pola Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

2. A Axencia Estatal CSIC dirixirá a xestión, desde o momento da entrada en vigor deste real decreto, do orzamento dos organismos públicos de investigación que se integran nela, que se manterán diferenciados en canto non se aprobe un orzamento único para o CSIC que incorpore os correspondentes créditos dos organismos públicos de investigación extinguidos.

3. Ata que non se aprobe un orzamento único para o CSIC que incorpore os correspondentes créditos dos organismos públicos de investigación extinguidos, subsistirán as secretarías xerais destes organismos e os postos dos seus titulares, baixo a dependencia da Secretaría Xeral do CSIC.

4. Unha vez se aprobe un orzamento único para o CSIC que incorpore os correspondentes créditos dos organismos públicos de investigación extinguidos, quedarán sen efecto todas as delegacións de competencia existentes a favor dos órganos suprimidos por este real decreto. Así mesmo, unha vez se produza a citada aprobación, as persoas titulares dos postos de dirección dos organismos públicos de investigación obxecto de reorganización que se integren na estrutura do CSIC como centros nacionais terán a consideración de «titulares da dirección de institutos» para os efectos da vixente delegación de competencias da Presidencia do CSIC. Os postos superiores de administración e xestión de tales centros nacionais e aqueloutros que determine a Presidencia do CSIC terán, para os mesmos efectos, a consideración de «titulares da xerencia de centros».

5. A formulación das contas anuais correspondentes aos exercicios 2020 e 2021 dos organismos públicos de investigación extinguidos en virtude deste real decreto corresponderá ás direccións dos centros nacionais, mentres que a súa aprobación e envío á Intervención Xeral da Administración do Estado para a súa remisión ao Tribunal de Contas corresponderán, respectivamente, ao Consello Reitor do CSIC e á persoa titular da Presidencia do CSIC, nos termos previstos no Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro, polo que se crea a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas e se aproba o seu estatuto.

6. As operacións executadas baixo a dirección do CSIC correspondentes aos organismos públicos de investigación extinguidos rexistraranse na contabilidade e no orzamento dos ditos organismos públicos de investigación en canto non se aprobe un orzamento único para o CSIC que incorpore os correspondentes créditos dos organismos públicos de investigación extinguidos.

7. Ata que se aprobe un orzamento único para o CSIC que incorpore os correspondentes créditos dos organismos públicos de investigación extinguidos, os órganos dos centros nacionais con cargo aos seus orzamentos e baixo a dirección do CSIC realizarán as competencias relativas á xestión do activo e pasivo, dos dereitos e obrigacións e das relacións xurídicas que o CSIC asume na súa integridade á entrada en vigor deste real decreto.

8. O inventario do CSIC deberá ser obxecto de actualización no prazo de seis meses desde a aprobación dun orzamento único para o CSIC.

9. Os contratos do sector público dos organismos públicos de investigación extinguidos que se encontren en tramitación no momento de entrada en vigor deste real decreto continuarán tramitándose ata a súa formalización a través da mesa única de contratación do Ministerio de Ciencia e Innovación, salvo resolución da Subsecretaría de Ciencia e Innovación, para que se encargue a mesa de contratación do CSIC.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada toda disposición de igual ou inferior rango que contradiga o establecido neste real decreto.

En particular, con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto, quedan derogadas as seguintes disposicións:

- a) Real decreto 1950/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Español de Oceanografía.
- b) Real decreto 1951/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA).
- c) Real decreto 1953/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Estatuto da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, aprobado polo Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro.*

Modifícase o Estatuto da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, aprobado polo Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 5 do Estatuto, que queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Funcións.*

1. Para dar cumprimento ao establecido no seu obxecto corresponden ao CSIC, ademais das funcións que a Lei 14/2011, do 1 de xuño, atribúe con carácter xeral aos axentes de execución e aos organismos públicos de investigación, as seguintes:

a) Promover e realizar investigación científica e tecnolóxica e o seguimento, a avaliación e a divulgación dos seus resultados.

b) Transferir á sociedade os resultados da investigación científica e tecnolóxica, garantindo a súa adecuada protección; e contribuír á creación de empresas de base tecnolóxica.

c) Fomentar a formación de equipos multidisciplinares mediante plataformas temáticas e redes científicas, con participación de axentes públicos ou privados, especialmente as universidades.

d) Xestionar servizos e infraestruturas científico-técnicas para a súa prestación ao CSIC e ás entidades públicas e privadas.

e) Formar persoal científico, técnico e de xestión da ciencia e da tecnoloxía, así como colaborar coas universidades na investigación científica e tecnolóxica e nas ensinanzas especializadas e de posgrao.

f) Contribuír á vertebración territorial e funcional do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación mediante institutos, centros nacionais e outras unidades de investigación, propios ou en colaboración con outros axentes.

g) Potenciar o modelo de ciencia en aberto para a publicación dos resultados científicos e tecnolóxicos, incluíndo a súa impresión, distribución, comercialización e venda.

h) Fomentar a cultura científica, tecnolóxica e de innovación na sociedade, impulsando a vocación investigadora, con especial atención á igualdade entre mulleres e homes, así como colaborar na actualización de coñecementos e formación en ciencia e tecnoloxía do profesorado de ensinanzas non universitarias.

i) Promover a internacionalización da investigación científica e técnica, especialmente no ámbito da Unión Europea, fomentando a mobilidade do seu persoal, a participación en proxectos e organismos internacionais e a creación de centros de investigación.

j) Informar, asistir e asesorar en materia de ciencia e tecnoloxía entidades públicas e privadas, conforme principios de suficiencia financeira, imparcialidade, independencia e confidencialidade. De forma especial, o CSIC prestará asistencia á Administración xeral do Estado mediante o exercicio das seguintes funcións:

1.º Participar no deseño, a execución e a avaliación das políticas científicas e tecnolóxicas que determine o ministerio de adscrición.

2.º Constituír ou designar as unidades de referencia que determine o Goberno ou o ministerio de adscrición para a prestación dos servizos de laboratorio nacional de referencia ou autoridade nacional similar.

3.º Participar e representar o Estado en entidades e organizacións, nacionais ou estranxeiras, vinculadas á investigación científica e técnica.

4.º Contribuír á definición das políticas públicas para previr ou paliar desastres naturais e outras situacións de emerxencia nacional.

5.º Realizar as actuacións que lle encomenden os ministerios competentes na execución das políticas do Goberno relativas á investigación e tecnoloxía agraria e alimentaria e á protección do ambiente; a oceanografía, as pesqueiras e o medio mariño; e a ciencia e as tecnoloxías da Terra, así como en relación con outras políticas do Goberno respecto das cales se constituía no CSIC un centro nacional.

k) Calquera outra encamiñada a desenvolver ou potenciar a investigación científica e tecnolóxica ou o asesoramento científico-técnico que lle atribúa a normativa ou lle encomende o Goberno, en especial para contribuír ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

2. O CSIC poderá ter a consideración de medio propio personificado e servizo técnico da Administración xeral do Estado e daqueles poderes adjudicadores dependentes dela, que lle poderán realizar encargos, logo do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 32 da Lei de 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 12 do Estatuto, que queda redactado como segue:

«4. A persoa titular da presidencia poderá invitar ás sesións do Consello Reitor persoas expertas por razón da materia, as cales terán voz, pero non voto.

Con carácter xeral poderán acudir como persoas invitadas con voz, pero sen voto, as persoas titulares das vicepresidencias; igualmente, a persoa titular da presidencia poderá invitar as persoas titulares das direccións dos centros nacionais do CSIC, en función da orde do día.»

Tres. Engádense dous novos números 2 e 3 ao artigo 20, que quedan redactados do seguinte modo:

«2. O número de vicepresidencias adxuntas e secretarías xerais adxuntas será de doce en total e poderán ser redistribuídas conforme determine o Consello Reitor.

3. Non obstante o disposto no artigo 26 bis, o número de postos directivos dos centros nacionais Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA), Instituto Español de Oceanografía (IEO) e Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IXME), que será de seis en total, poderá ser redistribuído conforme determine o Consello Reitor.»

Catro. Modifícase o artigo 26 do Estatuto, que queda redactado como segue:

«Artigo 26. *Organización da actividade investigadora e de apoio á investigación.*

1. A actividade investigadora do CSIC desenvolverase a través dos institutos, centros nacionais e demais unidades de investigación sen personalidade xurídica propia, que poderán ser propias ou mixtas en colaboración con outras entidades. O Consello Reitor regulará o procedemento de creación, modificación e supresión dos institutos, centros nacionais e demais unidades de investigación, así como das unidades de apoio á investigación, a súa organización interna e réxime de funcionamento e, se for o caso, a súa agrupación en áreas científico-técnicas.

Así mesmo, a actividade do CSIC poderase desenvolver a través da constitución, a participación ou o recoñecemento de institutos asociados, cando contén con personalidade xurídica propia e cumpran cos requisitos que estableza o Consello Reitor, que determinará a forma, requisitos e efectos derivados da asociación.

2. O réxime de funcionamento dos institutos e demais unidades de investigación organizarase tendo en conta a existencia de órganos de goberno,

colexiados e unipersoais. Na constitución dos órganos colexiados garantirase, en todo caso, a existencia de representación do persoal. Ademais, e para o desenvolvemento dos seus fins, os institutos e as unidades de investigación poderán organizarse en departamentos e unidades de servizos administrativos ou técnicos ou outras estruturas internas que determine o Consello Reitor.

3. Entre os institutos e as unidades, no seo do CSIC, en colaboración ou non con outras entidades, poderán crearse centros nacionais cando se orienten á prestación dun asesoramento experto interdisciplinar ao Estado, sempre que o volume das infraestruturas necesarias para desenvolver a súa actividade así o aconselle e encaixe coa estratexia nacional de investigación científica e tecnolóxica ou cando se produza a integración no CSIC de entidades de investigación anteriormente independentes. Estes centros nacionais poderán estar integrados por novos institutos e unidades de investigación e unidades técnicas ou estar formados polos xa existentes nas entidades que os forman. O Consello Reitor regulará a súa creación, modificación e supresión, así como a súa organización interna e réxime de funcionamento, incluíndo o sistema de designación dos seus directores e, se for o caso, subdirectores.

Cando os centros nacionais se constituían como centros de investigación e servizos técnicos de referencia e soporte para determinadas políticas do Goberno, quedarán relacionados funcionalmente con un ou varios ministerios nos termos que se establezan mediante orde ministerial conxunta do Ministerio de Ciencia e Innovación e os ditos ministerios, por proposta do Consello Reitor do CSIC. Os citados ministerios contarán coa representación adecuada na comisión reitora do centro nacional co obxecto de coordinar, planificar e orientar as súas actividades de apoio ás diferentes políticas públicas, e procurarán o seu adecuado financiamento mediante transferencias específicas ou outras fórmulas de encarga ou encomenda de actividades.

A dirección dos centros nacionais poderá asignar actividades profesionais específicas ao seu persoal de investigación para garantir o cumprimento da súa finalidade de servizo técnico de referencia e soporte para determinadas políticas estatais.

4. A Presidencia do CSIC poderá recoñecer grupos, departamentos e outras estruturas de investigación pertencentes a terceiras entidades como unidades asociadas de I+D+I ao CSIC. Así mesmo, o CSIC poderá asociar as súas propias estruturas de investigación a terceiras institucións.

5. A Presidencia do CSIC no marco do que dispoña o Consello Reitor poderá crear, modificar ou suprimir unidades técnicas para a prestación de servizos especializados ou transversais ás estruturas de investigación e ao Estado, así como xerencias, centros de prestación de servizos ou outras unidades de apoio á investigación orientadas ao apoio e soporte económico-administrativo do resto de unidades do CSIC.»

Cinco. Introdúcese un novo artigo 26 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 26 bis. *Creación dos centros nacionais Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA), Instituto Español de Oceanografía (IEO) e Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IXME).*

1. Créase o Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA) como centro nacional no CSIC. Este centro nacional, ademais das funcións científicas e técnicas que lle poida asignar o Consello Reitor do CSIC, constituirá o centro de investigación e servizos técnicos de referencia e soporte para a política agraria e alimentaria do Goberno e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e do Ministerio de Sanidade, en especial as dirixidas á prevención de zoonoses, epizootias e fitopatoloxías. Así mesmo, ofrecerá soporte ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico na política de protección do ambiente e, en concreto, no relativo á avaliación de riscos ambientais derivados tanto de axentes químicos como biolóxicos, incluídos os organismos modificados xeneticamente.

O CSIC, a través do INIA, promoverá a cooperación e coordinación da investigación agraria e alimentaria coas comunidades autónomas, na Comisión Coordinadora de Investigación Agraria.

O INIA organizarase conforme estableza o Consello Reitor do CSIC e estará integrado polos institutos de investigación e polas unidades técnicas de temática relacionada que determine, e poderá asignarlle tamén funcións de coordinación respecto doutros institutos de investigación afíns co fin de proporcionar o mellor asesoramento experto ao Estado en materia agraria, gandeira e alimentaria.

Existirán tres órganos directivos, un deles a Dirección do Centro Nacional INIA.

O INIA contará cunha comisión reitora, que exercerá as funcións de órgano reitor do centro nacional, e dos institutos e unidades que o integren, para a dirección estratéxica e coordinación cos órganos competentes do Goberno, das comunidades autónomas e dos sectores produtivos relacionados, coa seguinte composición:

- i. A Presidencia, que exercerá a persoa titular da Presidencia do CSIC.
- ii. A Vicepresidencia, que exercerá a persoa titular da Dirección do INIA.
- iii. As vogalías que determine o Consello Reitor do CSIC, que incluírán, en todo caso, representación do Ministerio de Ciencia e Innovación, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e do Ministerio de Sanidade, así como do propio CSIC. De igual maneira, incluíranse na comisión reitora vogalías en representación das comunidades autónomas, das organizacións profesionais agrarias, das entidades ou centros de I+D ou de empresas privadas que colaboren habitualmente nas actividades do INIA, así como do ámbito científico agroalimentario con recoñecido prestixio.

2. Créase o Instituto Español de Oceanografía (IEO) como centro nacional no CSIC. Este centro nacional que, ademais das funcións científicas e técnicas que lle poida asignar o Consello Reitor do CSIC, constituirá o centro de investigación e servizos técnicos de referencia e soporte para a política pesqueira do Goberno en relación co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, así como para a protección e sustentabilidade do medio mariño en relación co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O CSIC, a través do IEO, terá a consideración de organismo de referencia para a declaración de zonas de protección pesqueira, áreas mariñas protexidas e outros espazos, tal e como establece a Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

O IEO organizarase conforme estableza o Consello Reitor do CSIC e estará integrado polos institutos de investigación e polas unidades técnicas de temática relacionada que determine, e poderá asignarlle tamén funcións de coordinación respecto doutros institutos de investigación afíns co fin de proporcionar o mellor asesoramento experto ao Estado en materia pesqueira e oceanográfica.

Existirán dous órganos directivos, un deles a Dirección do Centro Nacional IEO.

O IEO contará cunha comisión reitora, que exercerá as funcións de órgano reitor do centro e dos institutos e unidades que o integren, para a dirección estratéxica e para a coordinación cos órganos competentes do Goberno, das comunidades autónomas e dos sectores produtivos relacionados, coa seguinte composición:

- i. A Presidencia, que exercerá a persoa titular da Presidencia do CSIC.
- ii. A Vicepresidencia, que exercerá a persoa titular da Dirección do IEO.
- iii. As vogalías que determine o Consello Reitor do CSIC, que incluírán, en todo caso, representación do Ministerio de Ciencia e Innovación, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, así como do propio CSIC. De igual maneira, incluíranse na comisión reitora vogalías en representación das comunidades autónomas, do sector pesqueiro e acuicultor e do ámbito científico oceanográfico-pesqueiro de recoñecido prestixio.

3. Créase o Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IXME) como centro nacional no CSIC. Este centro nacional, ademais das funcións científicas e técnicas que lle poida asignar o Consello Reitor do CSIC, constituirá o centro de investigación e servizos técnicos de referencia e soporte para a política mineira do Goberno e dos ministerios de Industria, Turismo e Comercio e de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, en especial as relacionadas coas ciencias e tecnoloxías da Terra para calquera actuación sobre o territorio, as augas continentais e o subsolo, incluídas as de carácter ambiental relacionadas con solos, recursos minerais e instalacións de eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

O IXME elaborará e publicará a Cartografía Xeolóxica Nacional, así como as cartografías temáticas para os programas e plans nacionais, que serán incorporadas ao Plan Cartográfico Nacional conforme o artigo 17.3.b) da Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, as obras de infraestrutura e a ordenación do territorio, e para outros fins dentro do ámbito de actividade do CSIC. Así mesmo, actuará como centro nacional de información e documentación en ciencias e tecnoloxías da Terra, fomentando a existencia, a nivel estatal e en relación coas comunidades autónomas e entidades locais, de bases de datos, fondos documentais e sistemas de xestión e tratamento da información.

O IXME organizarase conforme estableza o Consello Reitor do CSIC e estará integrado polos institutos de investigación e polas unidades técnicas de temática relacionada que determine, e poderá asignarlle tamén funcións de coordinación respecto doutros institutos de investigación afíns co fin de proporcionar o mellor asesoramento experto ao Estado en materia mineira e do solo e os seus compoñentes, incluídas as augas continentais.

Existirá, como órgano directivo, unha dirección do centro nacional IXME.

O IXME contará cunha comisión reitora, que exercerá as funcións de órgano reitor do centro e dos institutos e unidades que o integren, para a dirección estratéxica e a coordinación cos órganos competentes do Goberno, das comunidades autónomas e dos sectores produtivos relacionados, coa seguinte composición:

- i. A Presidencia, que exercerá a persoa titular da Presidencia do CSIC.
- ii. A Vicepresidencia, que exercerá a persoa titular da Dirección do IXME.
- iii. As vogalías que determine o Consello Reitor do CSIC, que incluírán, en todo caso, representación do Ministerio de Ciencia e Innovación, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, así como do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través do Instituto Xeográfico Nacional e do propio CSIC. De igual maneira, incluíranse na comisión reitora vogalías en representación de persoas expertas en materias relacionadas coas competencias do centro, de institucións ou empresas privadas, así como do ámbito científico, xeolóxico e mineiro de recoñecido prestixio.

4. As comisións reitoras dos centros nacionais previstos neste artigo axustáranse no seu funcionamento ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como ás normas de funcionamento que, se for o caso, aprobe o Consello Reitor do CSIC. O funcionamento destes órganos colexiados será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao CSIC, sen incremento ningún de gasto.

As vogalías serán nomeadas polo órgano responsable da política científica e da supervisión xeral dos organismos públicos de investigación no Ministerio de Ciencia e Innovación, garantindo a súa idoneidade profesional e unha composición equilibrada entre mulleres e homes.

Actuará como persoa titular da secretaría das comisións reitoras a persoa titular da Secretaría Xeral do CSIC, que asistirá ás reunións con voz, pero sen voto.

As comisións reitoras, que serán convocadas polo seu presidente, reuniranse polo menos unha vez ao ano en sesión ordinaria. A persoa titular da presidencia poderá acordar reunións extraordinarias tantas veces como sexa necesario para o desenvolvemento das funcións que teñan encomendadas, por iniciativa propia ou por petición, polo menos, dun terzo dos seus membros.

5. O Consello Reitor do CSIC poderá modificar os centros nacionais previstos neste artigo e deberá, en todo caso, garantir o apoio científico e o asesoramento técnico ás políticas do Goberno.»

Seis. Modifícase a redacción do número 2 do artigo 40, que queda redactado do seguinte modo:

«2. O control interno da xestión económico-financeira da Axencia corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado e realízase baixo as modalidades de control financeiro permanente e auditoría pública. A Intervención Delegada realizará este control no organismo, que terá rango de subdirección xeral, dirixida por un interventor delegado xefe e que se estrutura en tres áreas, todas elas igualmente con rango de subdirección xeral.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 404/2020, do 25 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Ciencia e Innovación.*

Modifícase o Real decreto 404/2020, do 25 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Ciencia e Innovación, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 2, que queda redactado da seguinte maneira:

«4. Adscribíense ao Ministerio de Ciencia e Innovación, a través da Secretaría Xeral de Investigación, os seguintes organismos públicos de investigación:

- a) A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).
- b) O organismo autónomo Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII).
- c) O organismo autónomo Centro de Investigacións Enerxéticas, Ambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT).»

Dous. Modifícanse as letras a), m) e r) do número 1 do artigo 4, que quedan redactadas da seguinte maneira:

«a) As funcións atribuídas á Secretaría Xeral de Innovación na xestión de programas operativos cofinanciados por fondos da Unión Europea, no ámbito das súas competencias.»

«m) A proposta e xestión de iniciativas de fomento da innovación, incluídas as de circulación do coñecemento, a colaboración público-privada e a promoción da creación de empresas de base tecnolóxica baseadas no coñecemento.»

«r) A xestión dos premios nacionais en materia de innovación e deseño, así como o fomento do deseño como panca da innovación.»

Tres. Modifícase a letra ñ) e introdúcense as novas letras p), q), r) e s) no número 2 do artigo 5, que quedan redactadas da maneira seguinte:

«ñ) O desenvolvemento dos sistemas de información necesarios para o funcionamento dos servizos, o impulso da transformación dixital e a innovación no departamento, así como a definición da estratexia sobre tecnoloxías da información e as comunicacións do ministerio e dos seus organismos e entidades vinculados, dependentes ou adscritos.»

«p) O desenvolvemento das actuacións que resulten necesarias para a planificación e programación económica e orzamentaria relativas aos plans e

programas de ámbito europeo, especialmente os dirixidos á cohesión económica, social e territorial, no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación do Ministerio de Ciencia e Innovación, así como as funcións de coordinación e xestión vinculadas a eles.

q) A coordinación dos órganos con traxectoria financeira do Ministerio de Ciencia e Innovación e dos seus organismos públicos, para a xestión de plans e programas financiados por fondos da Unión Europea no ámbito das competencias deste ministerio.

r) O seguimento e avaliación dos plans e programas europeos sobre os que exerza as súas atribucións, incluíndo a xustificación da aplicación dos correspondentes libramentos de fondos, en colaboración cos restantes órganos con competencia na materia do Ministerio de Ciencia e Innovación e dos seus organismos e entidades de dereito público vinculados, dependentes ou adscritos.

s) A realización de estudos e informes en relación coa xestión económico-financiera da aplicación de fondos europeos no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación, a partir da análise das operacións estatísticas e outras fontes dispoñibles.»

Catro. Introdúcese unha nova letra f) no número 3 do artigo 5, que queda redactada da seguinte forma:

«f) A Subdirección Xeral de Fondos Europeos para a Investigación e a Innovación, que exercerá as funcións atribuídas á Subsecretaría nas letras p), q), r) e s) do número 2».

Cinco. Introdúcese unha nova letra w) no número 1 do artigo 6, que queda redactada da maneira seguinte:

«w) A coordinación das actuacións desenvoltas polo Ministerio de Ciencia e Innovación e os seus organismos e entidades vinculados, dependentes ou adscritos, no ámbito da divulgación das actividades de investigación, desenvolvemento e innovación, que realizará cantas actuacións se consideren necesarias para promover a difusión á cidadanía das actuacións realizadas por eles nestes ámbitos.»

Seis. Modifícase o número 3 do artigo 6, que queda redactado da maneira seguinte:

«3. Dependerá da Secretaría Xeral Técnica, co nivel orgánico que se determine na relación de postos de traballo, a División de Atención ao Cidadán, Transparencia e Publicacións, que exercerá as funcións atribuídas á Secretaría Xeral Técnica nas letras o), p), q), r), s), t), u), v) e w) do número 1.»

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Habilítase a persoa titular do Ministerio de Ciencia e Innovación para que adopte as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase de acordo co disposto polo artigo 149.1.18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases do réxime xurídico das administracións públicas, e co disposto polo artigo 149.1.15.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de marzo de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática

CARMEN CALVO POYATO